



Addenda ao Acordo do 20 de xuño de 1995, entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as organizacións sindicais ANPE, CC.OO, CSI-CSIF e FsEP-UGT, sobre o acceso á función pública docente en calidade de profesor interino e substituto.

O punto décimo quinto do Acordo do 20 de xuño de 1995, entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as organizacións sindicais ANPE, CC.OO, CSI-CSIF e FsEP-UGT, sobre o acceso á función pública docente en calidade de profesor interino e substituto, establece que a substitucións se cubrirán cunha antelación máxima de tres días lectivos.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade vai ofertar neste intre prazas correspondentes ao programa "Arco" e ao programa "PROA+ 21-22", prazas que terán unha efectividade de comezo dos días 4 de outubro e 15 de outubro respectivamente, e cunhas datas de remate do 21 de decembro de 2021 e do 15 de xuño de 2022.

Resulta razoable que nos chamamentos para a cobertura destas prazas o persoal interesado poida optar conxuntamente polas prazas correspondentes ao programa "Arco" e ao programa "Proa +". Por esta razón engádese unha disposición transitoria cuarta ao acordo do 20 de xuño de 1995, coa seguinte redacción:





“As prazas do programa “Arco 21-22” e do programa “Proa + 21-22” serán ofertadas conxuntamente ao persoal interesado, sen que resulte de aplicación a estas prazas o establecido no punto décimo quinto do presente acordo do 20 de xuño de 1995.”

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2021

*POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE*

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

POR CC.OO

POR ANPE

José Manuel Fuentes Fariña

Julio Díaz Escolante

POR UGT - Servizos Públicos

POR CSIF-ENSINO

Felipe Balboa Fernández

José Francisco Méndez Castro

